



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

PROGRAMA BENESTAR EN BALNEARIOS

Comunícase que a Xunta de Galicia ven de convocar o Programa de Benestar en Balnearios, destinado a persoas maiores de 65 anos ou de 60 se son pensionistas. Tamén pode ir un fillo cunha discapacidade do 33%, sempre que non precise axuda doutra persoa.

O programa consiste en estadias de dez días, nove noites, nun balneario galego, entre os que se atopan: Termas Romanas, en Lugo, Augas Santas, en Ferreira de Pantón, Río Pambre, en Palas de Rei, Guitiriz, Lobios, O Carballiño, Arnoia, Caldas de Reis, Cuntis, Carballo, Brión etc. As quendas serán ata decembro do presente ano.

O prazo para presentar a solicitude estará aberto ata o día 26 de xuño.

A documentación que deberán aportar é carné de identidade.

A tramitación da solicitude poderase realizar a través dos Servizos Sociais do Concello de Friol de luns a venres, de 9:00 a 14:00 horas.